# XEOGRAFÍA 2º BACH

BLOQUE 1 (PAU): España, Europa e a globalización

Profesor: Ignacio Lugilde Santos

| BLOQUE 1 | CONTIDOS | PRÁCTICOS -> Cuestión 2 ou 3 | VOCABULARIO |
|---|---|---|---|
| España, Europa e a globalización | 1.1 España: localización e situación xeográfica no mundo e a súa posición relativa en diferentes indicadores socioeconómicos.<br>1.2 España no mundo. España ante a globalización e contexto xeopolítico mundial.<br>1.3 España en Europa. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión.<br>1.4 Organización administrativa de España. O estudo dos desequilibrios territoriais nacionais e autonómicos. | 01. Mapas que contrasten España e Europa a nivel administrativo, económico, ...<br>02. Infografías sobre o papel de España na UE, seguindo o modelo de infografías do INE.<br>03. Mapa comparativo de densidades de poboación España/UE, de cara a contrastar as densidades ibéricas coas da *"banana azul"*.<br>04. Proxección Spilhaus. A posición de España no océano mundial.<br>05. Mapas de desequilibrios territoriais (renda p.c., cobertura de internet,...), a partir da actualizacin de datos do Atlas Geográfico Nacional e/ou outras fontes cartográficas. | 01. Ortofoto<br>02. Sistema de información xeográfica (SIX)<br>03. Fondos estruturais<br>04. Movementos antiglobalización<br>05. ODS (Obxectivos de desenvolvemento sostible)<br>06. Parroquia<br>07. Municipio<br>08. Provincia<br>09. Comunidade autónoma<br>10. Espazo Schengen<br>11. BRIC'S<br>12. G20 |

# TEMA 1: España, Europa e a globalización

# ESPAÑA NA UE



# INCORPORACIÓN UE

- Ingreso **1986**
- **Tardanza** por: **franquismo e atraso** económico e social

Factores permiten:

- **Democratización** e desexo UE ampliación
- Reformas eco a partir 1977 (**Pactos da Moncloa**)

Negociacións difíciles:

- Adhesión **OTAN**
- **Productos agro e pesqueiros**
- **Tratado de adhesión** vigor 1 Xan 1986



# OS PACTOS DA MONCLOA






SERVIZO GALEGO de SAÚDE



# CONSECUENCIAS INTEGRACIÓN

- **Consolida democratización**
- Aumento **visibilidade internacional**
- Favorece relacións **UE con América Latina e Sur do Mediterráneo**
- **Fin** décadas de **illamento económico** (mercado único)
- **Esforzos reconversión económica**
- Cuantiosas **axudas económicas** europeas (infraestructuras...)
- Homologación **Estado de benestar**
- **UE reto** a incorporación dun **socio** con **alta tradicion de emigración**
- **Intercambios culturais e científicos**

# POSICIÓN DE ESPAÑA NA UE (política)

- Situación xeográfica **periférica**
- **Importancia xeoestratéxica**
- **2º** país **máis extenso** UE
- **4º** país **máis poboado => nº parlamentarios e peso no Consello**
- País tradición **europeísta**
- Perda prestixio e influencia **crise 2008-2013** => reto recuperala (proposta políticas concretas)
- **Cargos europeos españois** (Borrel Alto representante daUnión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade)









# POSICIÓN DE ESPAÑA NA UE (económica)

- **Posición intermedia**
- Programa Nacional de Reformas , Programa de Estabilidade e recibe recomendacións
- **4º PIB** nominal UE
- **PIB per cápita 2006** alcanza **media, crise 2008-2013 leva a caer** por baixo e COVID-19 (2022  38.960 € vs 28.280 €)
- **Débeda pública é moi alta** (112%  do PIB en 2022)

# POSICIÓN DE ESPAÑA NA UE (económica)

- **Produtividade e competitividade debaixo da media** europea
- **Baixo** investimento en **I+D** (pemes)
- Alto **fracaso escolar** e inadecuación formación a mercado
- **Escaso uso trens mercadorías**
- **Insuficiencia conexións** eléctricas e gasísticas (non beneficio mercado único)






# POSICIÓN DE ESPAÑA NA UE (social)




- **Paro moi superior** media (11,6% vs 5,9 Sep 2023)
- **Paro xuvenil** 28,4% vs 13,9% Ago 2023)
- Tamén problema **persoas baixa formación**
- **Gasto social** dos máis **baixos** da UE
- **Persoas en risco de pobreza e exclusión social** por **enriba da media** europea
- Gasto en **medioambiente** está **moi por debaixo** da media europea.

# ESPAÑA NO MUNDO



# SITUACIÓN XERAL

- **52º** país por **superficie**
- **30º** pola **poboación**
- Grupo **países desenvolvidos avanzados**
- **Potencia intermedia**
- **Debilidade en <u>poder duro</u>**
    - Escasa capacidade militar
    - Pertenza á OTAN
- **Maior importancia <u>poder blando</u>**









# PODER BLANDO

- **Calidade das institucións** españolas
- **Pertenza institucións e organizacións internacionais** (ONU, FAO, Banco Mundial, OMC, OIT, OMS, UNESCO, Cascos Azuis, OCDE, OTAN, UEO, OSCE, membro invitado permanente G20… )
- **180 embaixadas e consulados**
- Parte **acordos internacionais**
- **Cooperación internacional** (AOD 0,2% PIB 2022 + ONGs)
- **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU**
- Importancia **turismo e migracións**
- Presenza da **cultura española no exterior** (idioma, persoeiros, deportes, Instituto Cervantes…)

# PESO ECONÓMICO

- **16º** no mundo por **PIB**
- **Alto grao de liberalización** económica
- **Empresas multinacionais** españolas no exterior (Inditex, Telefónica, Repsol…)
- **Incremento comercio exterior** (19 ºen exportacións, 15º en importancións 2021)
- **Crecemento relacións financieras exteriores** (11º IED e 8º inversor 2020)






# RR.II.



- Situación xeoestratéxica orienta **prioridades** cara **Europa, ao Mediterráneo, ao norte de África e ao Atlántico.**
- **Diplomacia tradicional** pública
- Pertenza **organización internacionais**
- **Diplomacia económica**
- **Diplomacia cultural**
- **Diplomacia dixital**
- **Think tanks**

# RELACIÓNS PRIORITARIAS

- Europa
  - **UE** buscar influencia
  - Fóra UE a través **acción exterior europe**a
- Mediterráneo e norte África
  - **Proximidade e vínculos históricos**
  - Asegurar **estabilidade e prosperidade** zona
- Iberoamericanas
  - **Lazos históricos**
  - Aproveitar **oportunidades económicas**
  - **Cumios Iberoamericanos**
  - **Estreitar lazos con UE**









# OUTROS ESPAZOS

- **Emerxentes como China e India**
  - Potencial crecemento
  - Proxectos infraestructuras
- **EEUU:** cuestións políticas e de seguridade
- **Próximo Oriente**
  - Importancia estabilidade mundial
  - Conflito árabe-israel

# LINK A VÍDEO EXPLICATIVO CONFERENCIA DE PAZ DE MADRID (1991)

https://www.lasexta.com/programas/lasexta-clave/32-anos-conferencia-paz-madrid-hito-fallido-busqueda-paz-oriente-medio_2023103065401178b2761500018917bb.html

# OUTROS ESPAZOS

- **Asia e o Pacífico**
  - Peso demográfico
  - Crecemento militar e económico
  - Escasa presenza española
- **África Subsahariana**
  - Compromiso con desenvolvemento
  - Seguridade e estabilidade institucións
  - Control migracións en orixe





# INDICADORES POSICIÓN NO MUNDO




- **IDH** (Índice de Desenvolvemento Humano, ONU)
  - 27º desenvolvemento humano moi alto (2021)
  - PIB x hab + esperanza vida+alfabetización e educación
- **Índice de Globalización KOF:** posición 11º (2021)
- **IEPG:** (Índice Elcano de presenza global) 13º (2021)
- **ContryRep:** reputación exterior 14º (2021)

# GALICIA NO CONTEXTO MUNDIAL E EUROPEO






# GALICIA NA UNIÓN EUROPEA

- Galicia representa o **0,17% do territorio** da UE-27.
- **Posición periférica** dentro da Unión, parte do Arco Atlántico (Irlanda, Francia, España, Portugal).
- Características Arco Atlántico:
  - **Limitada integración territorial**.
  - **Industrias tradicionais en decadencia**.
  - **Concentración** da poboación e actividade económica **na costa.**
  - Predominio de **cidades medianas.**

# RETOS E OPORTUNIDADES

- **Membro do Comité Europeo das Rexións:** Galicia ten un papel activo nas decisións europeas que afectan o seu territorio.
- **Participación en POCTEP** España-Portugal: Programa de cooperación para o desenvolvemento territorial sostible e equilibrado.
- **Macrorrexión Atlántica: Apoio á creación** para defender mellor os intereses galegos na UE.











# GALICIA NA POLÍTICA DE COHESIÓN EUROPE

- Inicialmente, **PIB per cápita** por **baixo do 75% da media** comunitaria.
- Impacto da integración na UE:
  - A Política Agraria Común **(PAC)** e a Política Pesqueira Común **(PPC) limitan a produción.**
  - **Reestruturación de industrias** menos innovadoras.
  - **Sector terciario menos desenvolvido, estado de benestar inferior** ao europeo.

# BENEFICIOS DA INTEGRACIÓN EUROPEA

**Fondos europeos e converxencia económica:**

- Importantes fondos europeos para promover a converxencia socioeconómica.
- Desde **2007,** o PIB per cápita **supera o 75%** da media comunitaria.

**Axudas para o período 2021-2027**:

- Galicia está no grupo de **rexións en transición.**
- Recibirá **3.150 millóns de euros de FEDER** e **FSE+**.
- **111** millóns de euros do **Fondo de Transición Xusta** para A Coruña, afectados polo peche de centrais térmicas Meirama e As Pontes






# RETOS DE FUTURO




- <u>Empresarial:</u> Predominan as **pemes**, con baixa creación de empresas por **falta de cultura emprendedora**.
- <u>Desemprego:</u> **Taxa de paro por riba da media europea,** con desemprego xuvenil elevado.
- **<u>I+D+i</u>**: Galicia está **afastada das rexións máis avanzadas** en investigación e innovación.

# RETOS SOCIAIS E AMBIENTAIS

- Aumentar a **redución do abandono escolar.**
- **Reducir o risco de pobreza**, que empeorou no período 2014-2018, para garantir o benestar social e reducir desigualdades.
- **Galicia supera a media da UE en emisión de gases de efecto invernadoiro.**
- Necesidade de avanzar na **descarbonización, redución de riscos ambientais e promoción da economía circular**







**Distribución de la población de 25 a 64 años por nivel de estudios en España frente a la UE:**

| | España | UE |
|---|---|---|
| Estudios obligatorios como máximo: | 35,8% | 20,5% |
| Estudios postobligatorios no terciarios*: (*dentro de ellos, FP de grado medio) | 23,1% 10% | 45,2% 35,3% |
| Titulación superior: | 41,1% | 34,3% |

*Datos de 2022

FUNDACIÓN CYD

# GLOBALIZACIÓN





# A GLOBALIZACIÓN: DEFINICIÓN E CONTEXTO

- **Que é a globalización?**
  Proceso económico, social, político, tecnolóxico e cultural que integra e interconecta países, persoas e institucións a nivel mundial.
- **Raíces históricas:**
  Comezou na era dos descubrimentos (séculos XV-XVII) e tomou forma moderna tras a Segunda Guerra Mundial (1945). Intesificouse despois da Guerra Fría.
- **Motor actual:**
  Desenvolvemento das TIC, como Internet, facilita a interconexión global.

# TIPOS DE GLOBALIZACIÓN

- **Globalización económica:**

  Libre fluxo de capitais e mercadorías. Multinacionais e economía dixital

- **Globalización política:**

  Institucións como ONU e OMS promoven cooperación global

- **Globalización cultural:**

  Intercambio de valores e costumes, mestura de culturas e aparición de formas culturais híbridas.






# TIPOS DE GLOBALIZACIÓN



- **Globalización tecnolóxica:**
  - Internet e IA
  - Interconexión mercados e persoas a nivel mundial.
- **Globalización social:**

  Interconexión entre persoas, intercambio de ideas e mobilidade laboral e educativa a nivel global.

# CAUSAS DA GLOBALIZACIÓN

- **Nova xeopolítica do século XX:**

  Estados Unidos impulsa o libre comercio tras a Segunda Guerra Mundial, acelerado pola creación da UE e a caída do Muro de Berlín.

- **Crecemento do comercio internacional:**

  Eliminación de barreiras comerciais promove o intercambio de bens e servizos.

- **Revolución informática:**

  As TIC conectan mercados e persoas a unha velocidade sen precedentes.

- **Melloras no transporte:**

  Avances en aviación e transporte terrestre e marítimo facilitan o fluxo global de persoas e produtos











# CONSECUENCIAS DA GLOBALIZACIÓN

- **Mellora da calidade de vida:**

  Acceso a máis bens e servizos, mellorando a calidade de vida en moitos países.

- **Aumento da riqueza, pero con desigualdades:**

  Incremento do PIB global e redución da pobreza extrema, pero con desigualdades entre países desenvolvidos e en desenvolvemento.

- **Maior poder das multinacionais:**

  As grandes empresas multinacionais teñen unha gran influencia, dificultando a competencia das empresas locais.

# CONSECUENCIAS DA GLOBALIZACIÓN (CONTINÚA)

- **Acceso á información:**

  Internet ofrece acceso a información global en tempo real, cambiando a maneira de informarse e tomar decisións.

- **Multipolaridade:**

  Novos centros de poder emerxen, como China e India, cambiando o equilibrio global de poder.










# DESAFÍOS DA GLOBALIZACIÓN ACTUAL

- **Ameazas:**

  **Nacionalismo,** políticas conservadoras, cambio climático e pandemias  poden frear a globalización.

- **Solucións:**

  Colaboración global en iniciativas como a **Axenda 2030** e o Acordo de París para facer fronte aos retos globais e promover un desenvolvemento sostible.

| Áreas | Ventajas de la globalización | Desventajas de la globalización |
|---|---|---|
| **Economía** | Estimula el desarrollo económico de los países menos desarrollados. | Perpetúa la desigualdad entre países e incrementa los peligros de recesiones globales. |
| **Política** | Fomenta la atención de la opinión pública hacia los derechos humanos. | Reduce la capacidad de decisión de los gobiernos nacionales. |
| **Cultura** | Promueve la tolerancia y el entendimiento entre culturas. | Reduce la diversidad cultural. |
| **Empleo** | Fomenta el aumento de la producción y la generación de empleos. | Promueve la precariedad laboral. |
| **Medioambiente** | Facilita acciones coordinadas entre países para afrontar problemas ambientales. | Perjudica al medioambiente por una mayor explotación de recursos naturales. |

# TEMA 2: Os desequilibrios territoriais

# ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DE ESPAÑA






# EVOLUCIÓN

- División provincial **Hispania romana**
- **s. X Reinos Cristianos e Califato** de Córdoba (coras)
- **s.XII** reinos dentro de cada coroa
- **s. XVI e XVII cos Austrias,** reinos e territorios xa moi semellantes a comunidades autónomas actuais
- **s.XVIII con Carlos III,** semellante divisions provinciais (problema enclaves)
- **División provincial de Javier de Burgos 1833** (baseada proxecto I República)

# EVOLUCIÓN

- **II República**, tres estatutos de autonomía Cataluña, Pais Vasco e Galicia
- **Franquismo estado unitario** de base provincial (anula autonomías)
- **Constitución de 1978 => Estado das Autonomías**
- **Gobernanza multinivel:** municipio, provincia, CCAA, Estado, UE (1986/1992)



# ESTADO DAS AUTONOMÍAS




- **Modelo peculiar** (distinto E.Federal e Confederal), un Estado Unitario cede soberanía hacia abaixo
- **Vías de acceso**
  - **Vía rápida (151),** nacionalidades históricas + Andalucía
  - **Via lenta (143)**, 5 anos para todas as competencias
  - **Melloramento do foro de Navarr**a
  - Ceuta e Melilla **cidades autónomas**

# COMO FUNCIONAN AS AUTONOMÍAS

- **Estatuto:** nome, territorio, símbolos, organismos e competencias asumidas
- Poden asumir **compentencias de distintas formas:**
    - **Exclusivas, compartidas ou delegadas**
    - **art. 148** traspasadas forma exclusiva ou compartidadas
    - **art. 149** exclusivas do Estado (moitas veces delegadas)





# INSTITUCIÓNS

- **A Asemblea Lexislativa ou Parlamento** autonómico (leis, orzamentos e control goberno)
- **O presidente ou presidenta**(representa a comunidade e dirixe o goberno autonómico)
- **Consello de Goberno**
- **Tribunal de Superior de Xustiza**
- **Delegación do Goberno** (representa adm. xeral do Estado)







## Las balanzas fiscales del año 2014

Saldos totales, millones de euros

| CCAA | Ingresos fiscales | Gasto público | Total |
|---|---|---|---|
| Andalucía | 13.757 | -6.068 | 7.689 |
| Canarias | 4.641 | -348 | 4.293 |
| Castilla y León | 799 | 3.481 | 4.280 |
| Galicia | 1.755 | 1.936 | 3.692 |
| País Vasco | -3.474 | 6.862 | 3.387 |
| Extremadura | 2.136 | 691 | 2.827 |
| Asturias | -167 | 2.266 | 2.098 |
| C. - La Mancha | 2.828 | -1.194 | 1.634 |
| Aragón | -731 | 1.575 | 844 |
| Ceuta y Melilla | 432 | 390 | 823 |
| Cantabria | -112 | 627 | 516 |
| Navarra | -587 | 702 | 115 |
| Murcia | 2.005 | -1.897 | 108 |
| La Rioja | -67 | 109 | 42 |
| Baleares | -736 | -780 | -1.516 |
| Valencia | 3.935 | -5.670 | -1.735 |
| Cataluña | -10.044 | 152 | -9.892 |
| Madrid | -16.369 | -2.836 | -19.205 |

Fuente: Ministerio de Hacienda. elEconomista.es

# O FINANZAMENTO

- **Réxime foral (Navarra e País Vasco)**: **recadan** os **impostos e negocian** co Estado as **achegas**
- **Réxime común:** baséase en **impostos propios e cedidos** (IRPF, IVE, impostos especiais) e **fondos** para **servizos públicos e** as **competencias transferidas**. **Fondos de Converxencia Autonómica** (menos desenvolvidas)
- **Canarias réxime económico e fiscal especial**, e Ceuta e Melilla aplican o **IPSI** en lugar do IVE.

# DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS









# DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS EN ESPAÑA

**Desequilibrios existentes:**

Diferenzas económicas, demográficas e sociais entre comunidades autónomas, zonas urbanas e rurais, litoral e interior.

**Causas principais:**

- Variabilidade nas **condicións naturais e** distribución de **recursos.**
- Localización **histórica** de actividades dinámicas.
- Decisións **políticas recentes que acentuaron** as diferenzas.

# INDICADORES DE DESEQUILIBRIOS

- **Económicos:**

  Crecemento do PIB, PIB per cápita, gasto en I+D e acceso ás TIC.

- **Demográficos:**

  Crecemento e densidade de poboación, influenciados por crecemento natural e migracións.

- **Sociais:**

  Renda dispoñible bruta, benestar social (saúde, educación, vivenda), taxa de pobreza ou exclusión social.












# REXIÓNS E EIXES DINÁMICOS

- **Rexións máis dinámicas:**

  **Concentración de actividades económica**s desde mediados do **século XIX,** con industrialización e desenvolvemento de servizos avanzados.

- **Áreas destacadas:**

  Nordeste peninsular, litoral mediterráneo, País Vasco, Madrid, e zonas turísticas.

- **Evolución recente:**

  Desde 1975, a **tecnoloxía, a innovación** e o **turismo** substituíron á industria como principais motores económicos.

# NOVOS EIXES DINÁMICOS

- **Desenvolvemento desde 1985:**

  Difusión de actividades dende as rexións máis desenvolvidas cara a zonas menos congestionadas.

- **Exemplos:**

  Eixe Madrid-Guadalaxara-Toledo, corredor Valladolid-Palencia-Burgos, eixe do País Vasco a Cantabria, litoral mediterráneo cara a Murcia e Andalucía oriental.






# REXIÓNS E EIXES MENOS DINÁMICOS

- **Rexións menos competitivas:**
  Predominan actividades como agricultura e industrias tradicionais. Rexións con baixo crecemento demográfico e poboación dispersa.
- **Rexións afectadas:**
  Interior peninsular, eixo Cantábrico (Asturias, Cantabria), eixo atlántico de Galicia, triángulo industrial andaluz.
- **Illas Canarias:**
  Excesiva dependencia do turismo e limitacións polos seus problemas estruturais.

# DESEQUILIBRIOS INTRARREXIONAIS

- **Zonas rurais vs urbanas:**

  As zonas rurais están **menos diversificadas**, con **poucas** oportunidades de **emprego** e **despoboamento** significativo. As áreas urbanas teñen mellores **infraestruturas e servizos.**

- **Litoral vs interior:**

  O **litoral** concentra as actividades económicas **máis dinámicas** (agricultura intensiva, turismo, comercio marítimo), mentres que o **interior** ten **menos desenvolvemento e poboación.**



# POLÍTICA DE COHESIÓN E DESENVOLVEMENTO REXIONAL

# POLÍTICA DE COHESIÓN E DESENVOLVEMENTO REXIONAL




- A política rexional en España **iniciou anos 60**
- **Plans de Desenvolvemento** fracasaron pola centralización.
- **A partir de 1986**, co Estado das autonomías e a entrada na Unión Europea=> **solidariedade interterritorial** e ***descentralización***.

# Política Rexional e de Cohesión da UE (2021-2027)

**Obxectivos principais:**

- Investir no **crecemento e emprego.**
- Apoiar a **transición** a unha economía **neutra en carbono.**
- Fomentar a **cooperación territorial** en áreas clave como a **economía circular e a ciberseguridade**.

**Fondos principais:**

1. **FEDER**: Promover unha Europa intelixente e verde.
2. **FSE+**: Apoiar a inclusión social, o emprego e a saúde.
3. **Fondo de Transición Xusta**: Apoiar rexións afectadas pola transición climática.
4. **Fondo de Cohesión**:Estados membros con PIB per cápita inferior ao 90% da media da UE (España xa non recibe este fondo).









# Fondos da UE: FEDER e FSE+

**FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional):**

- Obxectivo: Fortalecer a **cohesión económica, social e territorial.**
- Investimentos en **Europa intelixente, ecolóxica e libre de carbono.**
- Proxectos de **desenvolvemento urbano sostible** e **rexións ultraperiféricas.**

**FSE+ (Fondo Social Europeo Plus):**

- Fusiona o antigo FSE con novos programas.
- Loita **contra a pobreza e exclusión social**.
- Fomento do **emprego xuvenil e dos parados de longa duración**.
- Mellora da **saúde** e do acceso equitativo aos servizos sanitarios.

# OUTROS FONDOS

## Fondo de Transición Xusta (FTX):

- Apoio a **territorios** con retos socioeconómicos pola **transición climática.**

## Fondo de Cohesión:

- Para **reducir disparidades** socioeconómicas.
- Financia **redes de transporte e infraestruturas ambientais.**

## España 2021-2027:

- Recibirá **36.256 millóns** de euros, sendo o **terceiro** país **máis beneficiado**.

**Reparto de los Fondos de Transición Justa**

Millones de euros que se repartirán a cada territorio




Gráfico: La Voz de Galicia • Fuente: Ministerio para la Transición Ecológica • Creado con Datawrapper

| Fondo | MFP | NGEU | TOTAL | ESPAÑA | % ESP/UE | GALICIA | % GAL/ESP |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FEDER | 226.047 | | 226.047 | 24.223 | 10,7 | 2.132 | 8,8 |
| FSE+ | 98.500 | | 98.500 | 11.153 | 11,3 | 1.017 | 9,1 |
| Fondo de Cohesión | 48.026 | | 48.026 | — | — | — | — |
| Fondo de Transición Justa | 8.453 | 10.868 | 19.321 | 873 | 4,5 | 111 | 12,8 |
| **TOTAL** | **381.026** | **10.868** | **391.894** | **36.249** | **9,2** | **3.261** | **9,0** |




# CATEGORÍAS DE REXIÓNS EUROPEAS

**Rexións menos desenvolvidas:**

- PIB per cápita **inferior ao 75%** da media da UE (Extremadura, Andalucía, Castela-A Mancha).

**Rexións en transición:**

- PIB per cápita entre o **75% e 100%** da media (Galicia, Asturias, Canarias).

**Rexións máis desenvolvidas:**

- PIB per cápita **superior ao 100%** da media (Madrid, País Vasco, Cataluña)

# REPERCUSIÓNS EN ESPAÑA

## Cesión de soberanía:

- España cede parte do control das políticas rexionais á UE.

## Axudas rexionais:

- Contribuíron á converxencia económica con Europa, pero con ritmos desiguais.

## Desequilibrios interrexionais:

- A converxencia foi máis rápida nas rexións con situación inicial máis favorable






# POLÍTICA REXIONAL E DE COHESIÓN TERRITORIAL DO ESTADO




**Responsabilidade do Estado:**

- **Constitución => Estado** promover o **equilibrio territorial.**
- O Estado política rexional **aliñada** directrices da **UE.**

**Instrumentos principais:**

1. **Incentivos rexionais**: Axudas a fondo perdido para promover o emprego en áreas desfavorecidas.
2. **Fondos de converxencia**: Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) e Fondos de Competitividade e Cooperación.
3. **Política redistributiva**: O sistema impositivo e gasto social contribúen a reducir os desequilibrios.

# INCENTIVOS REXIONAIS

**Incentivos rexionais:**

- **Axudas** para **investimento empresaria**l en zonas desfavorecidas ou en declive.
- Maior intensidade de axuda nas rexións **ultraperiféricas e** con PIB per cápita i**nferior ao 75% da UE.**

**Destinatarios:**

- Proxectos que cumpran a **normativa europea** sobre **competencia,** como a creación, **ampliación ou modernización de establecementos produtivos.**



# FONDOS PARA A CONVERXENCIA REXIONAL



Flujos redistributivos a través del Sistema de Financiación Autonómica en 2021

En millones de euros

| Del Estado | De las CC AA | Aportación total |
|---|---|---|
| 10.684 | 8.815 | 19.499 mill. € |

| Comunidades autónomas (se excluyen País Vasco y Navarra ya que tienen sistemas fiscales propios) | Ingresos tributarios homogéneos | Financiación efectiva a competencias | Saldo positivo y negativo | % de ingresos tributarios | Financiación homogénea por habitante ajustado (En euros) |
|---|---|---|---|---|---|
| Madrid | 26.052 | 19.739 | -6.313 | -24,23 | 3.024 |
| Cataluña | 25.004 | 22.836 | -2.168 | -8,67 | 3.015 |
| Baleares | 4.290 | 3.956 | -334 | -7,78 | 3.397 |
| La Rioja | 847 | 1.098 | 251 | 29,60 | 3.340 |
| Cantabria | 1.567 | 2.025 | 458 | 29,22 | 3.417 |
| Aragón | 3.754 | 4.252 | 498 | 13,27 | 3.011 |
| Asturias | 2.617 | 3.289 | 673 | 25,70 | 3.053 |
| Murcia | 3.236 | 4.011 | 775 | 23,97 | 2.691 |
| Com. Valenciana | 12.658 | 13.440 | 782 | 6,18 | 2.730 |
| C.-La Mancha | 4.465 | 5.977 | 1.512 | 33,85 | 2.814 |
| Extremadura | 2.075 | 3.654 | 1.579 | 76,10 | 3.286 |
| Castilla y León | 6.266 | 8.152 | 1.886 | 30,11 | 3.150 |
| Galicia | 6.259 | 8.727 | 2.468 | 39,44 | 3.002 |
| Canarias | 3.345 | 7.028 | 3.683 | 110,12 | 3.174 |
| Andalucía | 18.253 | 23.187 | 4.934 | 27,03 | 2.793 |
| TOTAL CC AA | 120.687 | 131.371 | 10.684 | 8,85 | MEDIA 2.963 |



Fuente: Fedea

C. CORTINAS / CINCO DÍAS

**Fondo de Compensación Interterritorial (FCI):**

- Previstos pola Constitución para **rexións con renda per cápita inferior á media nacional**.
- Financiado polos **Orzamentos Xerais do Estado.**

**Fondos de Converxencia Autonómicos:**

- **Fondo de Competitividade** para rexións con baixa renda per cápita.
- **Fondo de Cooperación** para rexións con **PIB inferior ao 90% da media** e con **mala dinámica demográfica.**

# POLÍTICA REDISTRIBUTIVA ESTADO

**Sistema impositivo:**

- O **IRPF** é **progresivo**, polo que as comunidades con máis residentes de alta renda contribúen máis ao benestar.

**Gasto social:**

- **Pagos de pensións e prestacións por desemprego** favorecen as rexións menos dinámicas.
- Os servizos públicos en **sanidade, educación e servizos sociais** contribúen a garantir un benestar equilibrado en todo o Estado.

**Tramos de IRPF de la renta general**

Escala de retenciones e ingresos a cuenta aplicable a los perceptores de rentas del trabajo

| Base para calcular el tipo de retención<br>Hasta euros | Cuota de retención<br>Euros | Resto base para calcular el tipo de retención<br>Hasta euros | TIPO APLICABLE<br>En % |
|---|---|---|---|
| 0 | 0 | 12.450,00 | 19% |
| 12.450,00 | 2.365,50 | 7.750,00 | 24% |
| 20.200,00 | 4.225,50 | 15.000,00 | 30% |
| 35.200,00 | 8.725,50 | 24.800,00 | 37% |
| 60.000,00 | 17.901,50 | 240.000,00 | 45% |
| 300.000,00 | 125.901,50 | En adelante | 47% |

Fuente: Agencia Tributaria



# 01. Mapas que contrasten España e Europa a nivel administrativo, económico, ...




**2.1.** Indique 4 países europeos cunha taxa de desemprego inferior ao 3,9%. Relacione as diferenzas na taxa de paro dos anteriores países con respecto a España con factores socioeconómicos que influen en ditos datos. Explique tamén os factores xeográficos e históricos que inflúen en dito diferencial. **(2,5 puntos)**

**2.2.** Indique 4 países europeos cunha taxa de desemprego entre o 6% e o 7,9%. Relacione os niveis de desemprego coa capacidade de influencia política na UE dos distintos países. Explique as consecuencias sociais que poden provocar altas taxas de desemprego como as de España e Grecia. **(2,5 puntos)**




**2.1.** Relacione as diferenzas na proporción de fracaso escolar de países como Francia e Alemaña con respecto a España con factores socioeconómicos que influen en ditos datos e as consecuencias económicas do mesmo **(2,5 puntos)**

**2.2.** Relacione os niveis de fracaso escolar coa capacidade de influencia política na UE dos distintos países. Explique tamén os factores xeográficos e históricos que inflúen nas altas taxas de fracaso escolar de lugares como o sur España e o Norte de Rumanía. **(2,5 puntos)**




2014




2019

Certos sectores da poboación consideran aceptable a corrupción e incluso non a consideran un problema relevante. **Elabore unha resposta argumentada** sobre cales son as **consecuencias da corrupción** e como inflúen na vida diaria dos cidadáns.

Busque e**xplicar a evolución do sentimento de corrupción entre 2014 e 2019**, que motivos levan a súa **variación nas distintas zonas de Europa** e que r**azóns levan a que se perciba de distinta en forma** nas distintas partes do continente europeo. **(2,5 puntos)**


Política de cohesión
Elegibilidad de las regiones para los fondos estructurales 2021-2027
Regiones más desarrolladas: PIB per cápita en estándar de poder adquisitivo (PPS) >100% de la media de la Europa de los 27
Regiones en transición: PIB per cápita en estándar de poder adquisitivo (PPS) entre el 75% y el 100% de la media de la Europa de los 27
Regiones menos desarrolladas: PIB per cápita en estándar de poder adquisitivo (PPS) <75% de la media de la Europa de los 27
Cartografía:
Abel Gil Lobo (2019)
Fuenes:
Eurostat (2018)
Antillas (Fr)
Mayotte (Fr)
Guayana Francesa (Fr)
Reunión (Fr)
Azores (Pt)
Regiones ultraperiféricas
Madeira (Pt)
Canarias (Es)
FINLANDIA
SUECIA
ESTONIA
LETONIA
LITUANIA
DINAMARCA
IRLANDA
REINO UNIDO
PAÍSES BAJOS
POLONIA
ALEMANIA
CHEQUIA
FRANCIA
HUNGRÍA
RUMANÍA
ITALIA
CROACIA
BULGARIA
PORTUGAL
ESPAÑA
GRECIA
CHIPRE
MALTA
EOM

# La inversión en I+D+i

## Proporción de gasto sobre el PIB




**Cartografía:**
Abel Gil Lobo (2019)
**Fuenes:**
Comisión Europea (2017)

# *Población en riesgo de pobreza o exclusión social en Europa, proyección 2020*




FUENTE: BBSR Bonn 2015 LA VANGUARDIA

# 02. Infografías sobre o papel de España na UE, seguindo o modelo de infografías do INE.




# España en la UE

Con ocasión de la Presidencia española del Consejo de la Unión Europea (a partir del 1 de julio de 2023), Eurostat, la Oficina Estadística de la Unión Europea, publica algunos indicadores e infografías para comparar España con la Unión Europea.

**Julio 2023**

| INDICADOR | ESPAÑA | UE |
|---|---|---|
| **ECONOMÍA** | | |
| Superávit/déficit público (% del PIB) | -4,8 | -3,4 |
| Deuda pública bruta (% del PIB) | 113,2 | 84,0 |
| PIB per cápita en PPA (UE = 100) | 85,0 | 100,0 |
| Ratio impuestos/PIB | 39,0 | 41,7 |
| Tasa de variación media anual de inflación (IPCA) | 8,3 | 9,2 |
| Inversión (formación bruta de capital fijo en % del PIB) | 20,1 | 22,7 |
| Peso de la industria manufacturera en la economía (valor añadido de la industria manufacturera en % del PIB) | 11,6 | 14,9 |
| **POBLACIÓN Y CONDICIONES SOCIALES** | | |
| Porcentaje de población de 65 años o más (%) | 20,1 | 21,1 |
| Porcentaje de población menor de 15 años (%) | 14,0 | 15,0 |
| Tasa de fertilidad (hijos por mujer) | 1,19 | 1,53 |
| Tasa de desempleo (total) | 12,9 | 6,2 |
| Tasa de desempleo (menores de 25 años) | 29,8 | 14,5 |
| Riesgo de pobreza o exclusión social (% de la población) | 26,4 | 21,5 |
| **EDUCACIÓN** | | |
| Total de titulados en estudios superiores (% de personas de entre 30 y 34 años) | 49,2 | 42,8 |
| Mujeres con estudios superiores (% de personas de entre 30 y 34 años) | 55,4 | 48,2 |
| Hombres con estudios superiores (% de personas de entre 30 y 34 años) | 43,0 | 37,4 |
| Abandono temprano de la educación (% de personas de entre 18 y 24 años) | 13,9 | 9,6 |
| **CIENCIA Y TECNOLOGÍA** | | |
| Gasto en I+D (% del PIB) | 1,43 | 2,26 |
| Empleo en la industria manufacturera de alta y media-alta tecnología (%) | 4,0 | 5,9 |
| **MEDIO AMBIENTE Y ENERGÍA** | | |
| Emisiones de gases de efecto invernadero, incluidas emisiones de aviación internacional e indirectas de CO2 (% de reducción desde 1990) - Fuente: EEE | -2,3 | -29,7 |
| Cuota de energías renovables en el consumo final de energía | 20,7 | 21,8 |
| Dependencia energética (porcentaje de las importaciones en el consumo de energía) | 69,1 | 55,5 |

*Basado en los datos anuales disponibles a 1 de junio de 2023.*

ec.europa.eu/eurostat
@EU_Eurostat
@EurostatStatistics
@EU_Eurostat



@es_INE
@es_ine_
Instituto Nacional de Estadística
INEDifusion

eurostat
UE23
INE
Instituto Nacional de Estadística

**2.1.** Relacione as diferenzas en pib per cápita da media europea con respecto a España con factores socioeconómicos que influen en ditos datos (apoiese na tabla anexa). Explique que tipos de productos exporta España e que implicacións conleva. **(2,5 puntos)**

**2.2.** España é o principal destino turístico da UE, que consecuencias ten eso para o desenvolvemento socioeconómico do país. O gráfico da datos sobre o que España representa no conxunto da UE en superficie, poboación e porcentaxe de PIB, que implicacións ten esto na capacidade de influencia de dentro das institucións europeas. **(2,5 puntos)**

03. Mapa comparativo de densidades de poboación España/UE, de cara a contrastar as densidades ibéricas coas da "banana azul".







**3.1 I**ndique 4 países europeos polos que pasa a “banana azul”. Relacione as diferenzas na densidade dos anteriores países con respecto a España con factores socioeconómicos que influen en ditos datos. Explique tamén os factores xeográficos e históricos que inflúen en dito diferencial. **(2,5 puntos)**

**3.2**. Indique 4 países europeos con rexións con PIB per cápita en estandar de poder adquisitivo inferior ao 75% da media. Relacione os niveis de PPS coa capacidade de influencia política na UE dos distintos países. Explique que obxectivos busca a Política Rexional e de Cohesión da UE con repecto a estos datos e que instrumentos principais utiliza para elo. **(2,5 puntos)**

# 04. Proxección Spilhaus. A posición de España no océano mundial.



# A PROXECCIÓN DE SPILHAUS

- **Athelstan Spilhaus**, oceanógrafo e climatólogo, deseñou en 1942 un **mapa único centrado nos océanos**
- Os mapas **convencionais priorizan as terras habitadas**, mentres que Spilhaus propuxo que os **océanos,** que cobren máis do **70% da superficie** terrestre, deben ocupar o lugar central.

# CARACTERÍSTICAS DA PROXECCIÓN

- O mapa sitúa a **Antártida no centro**, mentres as masas **continentais** aparecen nas **marxes**, mostrando **só** as súas **liñas costeiras.**
- Esta perspectiva alternativa permite unha mellor comprensión da **importancia** dos **océanos e** dos **ecosistemas mariños.**



# IMPACTO E RECOÑECEMENTO




- O mapa de Spilhaus foi publicado no **Atlas of the World with Geophysical Boundaries en 1991** e gañou o recoñecemento de cartógrafos e científicos.
- A súa proposta **transformou** a forma na que **entendemos a cartografía**, subliñando que o **protagonismo** debe recaer nos **océanos, non só nas terras habitadas.**

05. Mapas de desequilibrios territoriais (renda p.c., cobertura de internet,...), a partir da actualizacin de datos do Atlas Geográfico Nacional e/ou outras fontes cartográficas.